



9. A civilización romana

Para comezar

- Sabes que xeneral empregou elefantes como arma de combate?
- Quen asasinou a Xulio César?
- Cantos monumentos romanos coñeces?
- Sabes cal era a dieta dun patricio romano? E a dun gladiador?
- Que foron as invasións bárbaras?

Máis aló das campañas militares

Todos coñecemos o gran legado deixado polos romanos, desde a súa lingua ata moitos dos avances técnicos e construcións que aínda observamos a día de hoxe.

Pero Roma era moito máis que campañas militares e obras públicas: a súa sociedade buscaba a beleza en todos os ámbitos. Os romanos xa coñecían máscaras para rematar coas enrugas, realizadas a base de fariña de fabas e leite de burra. Tamén repoñían os dentes perdidos por pezas de marfil, suxeitas con fíos de ouro.

En canto á vestimenta, a toga só podía ser empregada por homes libres, mentres que os pantalóns eran considerados unha prenda dos bárbaros. Como o cabelo era moi importante para eles, tanto homes coma mulleres empregaban perrucas ou pintaban as zonas calvas.

Todo isto tamén forma parte da historia romana, unha historia da que serás partícipe ao longo desta unidade.

O noso proxecto



O proxecto

Pechamos o proxecto deste último trimestre arredor dos xogos. Agora tócovos preparar as preguntas sobre a civilización romana, teoría contida nesta unidade. Prepararedes as tarxetas e as partes que faltan do taboleiro e... a xogar!

Pasos a seguir nesta unidade

1. Realizar 20 preguntas sobre a civilización romana e outras 20 sobre os pobos prerromanos que habitaron a Península Ibérica seguindo os parámetros marcados nas unidades anteriores.
2. Elaborar as tarxetas que nos permitirán comezar co xogo. Podemos empregar un folio groso ou unha cartolina tamaño folio. O profesor explicaravos como.
3. Crear unhas pezas triangulares de cada unha das cores elixidas para ir completando o noso círculo, que tamén debe ser feito nunha cartolina cun compás.

Xa está todo listo para comezar. Xogamos?

As orixes de Roma: a Monarquía

A fundación de Roma

Conta a **lenda** que Rhea Silvia tivo co deus Marte dous fillos xemelgos aos que chamou Rómulo e Remo. Tras o seu nacemento abandonounos ás beiras do río Tíber, onde foron salvados e aleitados por unha loba.

Pouco tempo despois, un pastor recolleunos e criounos ata a adolescencia, momento no que crearon unha cidade nova. Os dous irmáns pelexaron e Remo morreu na contenda. Rómulo converteuse deste xeito no primeiro rei da cidade que acababan de fundar, á que chamou Roma en honra do seu irmán falecido.



A **realidade** é un tanto diferente. A civilización romana naceu na Península Itálica, un territorio habitado por diferentes pobos:



- Ao norte vivían os etruscos.
- No centro estaban asentados os latinos.
- No sur vivían os gregos, xa que alí fundaran a colonia Magna Grecia.

Os latinos fundaron a cidade de Roma a mediados do século VIII a. C. Os lugares escollidos foron os sete outeiros ubicados ás beiras do río Tíber, unhas zonas moi propicias para o desenvolvemento da agricultura e da gandaría. Ademais, era un lugar de paso obrigado para cruzar a Península Itálica, co cal Roma non tardaría en converterse nun importante enclave comercial.



Sabías que...?

Os romanos escolleron moi ben o lugar onde asentarse. Por unha banda, estaban preto dun río que lles servía de vía de comunicación para o comercio, de lugar de aprovisionamento de auga e facía que as terras de arredor fosen máis fértiles.

Por outra banda, ubicáronse nunha zona alta desde onde se podían defender con facilidade. A última das potencialidades deste emprazamento residía no seu clima benigno, o cal facilitaba moito a vida na cidade.

A Monarquía (753-509 a. C.)

Tras a fundación da cidade, o sistema de goberno escollido foi a **monarquía**.

Roma era gobernada por un **rei**, elixido polos representantes das familias máis poderosas da cidade: os **patricios**. Eles eran os encargados de axudar o monarca nas súas tarefas de goberno como membros do Senado, aínda que na realidade o seu papel era moi limitado, xa que todo o poder recaía nas mans do monarca.

Roma tivo sete reis, catro de orixe latina e tres etruscos. Estes últimos chegaron ao poder no século VI a. C., e iniciaron unha época de auxe para a cidade na que se realizaron grandes construcións: pontes, acuedutos, templos, murallas defensivas, etc. Pero, sen dúbida, unha das obras máis importantes foi a creación da primeira rede de sumidoiros: a Cloaca Máxima.

A **economía** da cidade seguía a estar sustentada na agricultura e na gandaría; porén, comezaban a estenderse as actividades artesanais e comerciais.

Este período rematou no ano 509 a. C. coa expulsión do monarca etrusco Tarquinio o Soberbio, quen gobernaba de maneira despótica.

Para reflexionar

1. Responde a seguinte cuestión:

- Como se chamaron os fundadores mitolóxicos da cidade de Roma?

2. Responde a seguinte cuestión:

- De quen descendían eses fundadores?


3. Responde a seguinte cuestión:

- Como lograron salvarse os fundadores?



4. Responde a seguinte cuestión:

- Por que foi Rómulo e non Remo o primeiro rei da cidade?



5. Fíxate no mapa e identifica os seguintes pobos e lugares.



| | | | |
|-------|--------------|-------|-------------------|
| _____ | Etruscos | _____ | Gregos |
| _____ | Río Tíber | _____ | Península Itálica |
| _____ | Roma | _____ | Latinos |
| _____ | Mare Nostrum | | |

6. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

a. A cidade de Roma fundouse no século VIII d. C.

Verdadeiro

Falso

b. A cidade de Roma fundouse no século II a. C.

Verdadeiro

Falso

c. Roma está situada no centro da Península Itálica.

Verdadeiro

Falso

d. Roma foi fundada polos latinos.

Verdadeiro

Falso

e. Cando se fundou a cidade de Roma nela habitaban tres pobos: os etruscos, os latinos e os gregos.

Verdadeiro

Falso

- f. Os etruscos estaban asentados no centro da Península Itálica, os latinos ao norte e os gregos ao sur, na chamada Magna Grecia.

Verdadeiro

Falso

- g. Os monarcas latinos realizaron importantes construcións: a Cloaca Máxima, pontes, calzadas, templos e murallas, entre outros.

Verdadeiro

Falso

A República (509 - 27 a. C.)

Roma converteuse nunha **república** tras a revolta que rematou co goberno despótico e autoritario de Tarquinio o Soberbio.

A **república** instaurouse en Roma desde o ano 509 ata o 27 a. C.

As principais institucións de goberno foron:

- Os **Comicios**, asembleas de cidadáns romanos libres. Estaban encargados da elaboración das leis e da elección dos maxistrados.
- Os **maxistrados**, cargo elixido entre os cidadáns romanos por un período dun ano.
A súa función era gobernar a cidade, propoñer leis, dirixir o exército e recadar impostos. Os máis importantes eran os cónsules, que presidían as asembleas.
- O **Senado**, institución formada por 300 antigos maxistrados. Eran os encargados de dirixir a política exterior e aconsellar os maxistrados.

A pesar de tratarse dunha república, este é un sistema de goberno moi diferente ao actual sistema republicano. Hoxe en día, a república é un sistema democrático no que todos teñen dereito a participar. Porén, en Roma tratábase dun sistema de goberno oligárquico; é dicir, gobernaban os máis ricos e poderosos.



Xa desde o momento da fundación da cidade, a sociedade romana estaba dividida en dous grupos moi diferentes en canto aos seus dereitos:

- Os **patricios**, un grupo social conformado por familias aristocráticas, descendentes dos fundadores da cidade. Eran grandes propietarios de terras e de gando e a súa función era a do goberno da cidade. Polo tanto, estaban formados por unha minoría pouco representativa do total da poboación.
- Os **plebeos**, persoas que chegaron á cidade tras a súa fundación e que se dedicaban principalmente á agricultura, á artesanía e ao comercio. Os plebeos non podían posuír propiedades nin tiñan dereitos políticos; en cambio, estaban obrigados a pagar impostos e a formar parte do exército.

Na sociedade romana tamén se distinguían outros grupos como os **libertos** (escravos liberados) e os **escravos** (persoas que carecían de liberdade e eran propiedade da familia para a que traballaban).



Sabías que...?

Espartaco (113-71 a. C.) é o nome do escravo que puxo en entredito o poder do exército romano e conseguiu desestabilizar a República. En tan só dous anos derrotou nove veces as lexións romanas. Isto causou grande temor no Senado, o cal decidiu enviar os seus mellores xenerais, Craso, Pompeio e Lúculo, acompañados de tres mil homes, para rematar con el.



Espartaco loitou pola súa liberdade e a do resto dos escravos e desfavorecidos. Non estaba disposto a morrer na area do circo. Destacou ademais pola súa xenerosidade, xa que repartía os seus botíns cos máis pobres.

Tras varias batallas encarnizadas, Espartaco morreu a mans de Craso, pero desde entón foi considerado un heroe, un mártir da liberdade.

Se queres saber máis sobre a figura de Espartaco visita a seguinte [ligazón](#).


Tras unha loita longa e difícil, a comezos do século V a. C., os plebeos acadaron o seu propósito, participar en política a través do designio dun representante, o **tribuno da plebe**. Co paso do tempo lograron maiores concesións, xa que se recoñeceron os seus dereitos nas leis de Roma, concretamente nunha compilación escrita e pública que recibiu o nome de **Lei das Doce Táboas**.

Ademais das loitas entre patricios e plebeos, a República enfrontouse cos pobos veciños nas denominadas **guerras púnicas**.

A expansión de Roma e as guerras púnicas

Durante a República, Roma conquistou moitos territorios. A súa expansión realizouse en distintas fases:

- Entre o 500 e o 250 a. C. a cidade de Roma dominou a **Península Itálica**.
- Entre o 264 e o 146 a. C. producíronse as **guerras púnicas**. Roma enfrontouse a Cartago, unha potencia do centro de África, na actual Tunisia. Houbo tres conflitos e o seu obxecto de disputa foi o dominio do Mediterráneo.



- Durante a **Primeira Guerra Púnica**, Roma dominou por terra e, logo, tras facerse cunha frota máis moderna, tamén o fixo por mar.
- Na **Segunda Guerra Púnica**, o xeneral cartaxinés Aníbal estivo a piques de conquistar Roma, pero finalmente non o conseguiu. O comandante romano Publio Cornelio Escipión, aínda mozo, estendeu o poder de Roma por ambas beiras do Mediterráneo. Mentres, Cartago perdía todas as súas colonias.
- Durante a **Terceira Guerra Púnica** e tras un asedio de tres anos, os



Sabías que...?

O xeneral cartaxinés Aníbal (247 e 183 a. C.) foi o único militar cartaxinés que conseguiu chegar ás portas da cidade de Roma. Case logra a súa rendición, pero foi derrotado por Publio Cornelio Escipión no ano 202 a. C. Tras esta derrota, o xeneral cartaxinés pasou ao servizo de diferentes reis orientais. O seu obxectivo era acabar coa grande potencia do Mediterráneo, Roma. Intentouno en varias ocasións pero non o conseguiu. Finalmente, remataría por suicidarse, co fin de non caer nas mans do exército inimigo.

Como curiosidade podemos apuntar que Aníbal foi un dos primeiros xenerais en empregar elefantes como parte do seu exército.



- Entre os séculos II a. C. e II d. C., as lexións romanas conquistaron Grecia e o **Mediterráneo Oriental**. Tamén completaron a ocupación do Occidente, os territorios de Hispania, Galia e Britania, así como algunha provincia de Europa Central.



A República entra en crise

A expansión territorial fixo que a República entrase en crise a finais do século I a. C. Este sistema de goberno estaba deseñado para gobernar pequenos territorios como as cidades, e non a grande extensión que estaba alcanzando Roma.

Ademais, as conquistas aumentaron as desigualdades sociais en Roma. Uns enriquecéronse cos botíns de guerra e o cobro de impostos, mentres que outros perdérono case todo. Isto foi o que aconteceu cos campesiños que tiveron que refuxiarse nas cidades, onde xeraron varios conflitos sociais demandando un mellor reparto da riqueza. Un bo exemplo foi a revolta dirixida polos irmáns Graco no século II a. C.

A nova situación obrigou o Senado a tomar medidas. Isto foi un gran erro, xa que estas persoas enfrontáronse entre si, xerando duras e cruentas **guerras civís**. Un dos xenerais máis destacados foi **Xulio César**, que conseguiu proclamarse ditador e asumir todos os poderes do goberno. Esta situación non conviña aos patricios, que estaban perdendo cotas de poder, por iso decidiron asasinalo no ano 44 a. C.



Actividades

1. Cales son as principais diferenzas entre patricios e plebeos? Realiza no teu caderno un cadro semellante ao seguinte.

| Patricios | Plebeos |
|-----------|---------|
| ... | ... |
| ... | ... |

2. Sinala no seguinte mapa as etapas da conquista territorial por parte de Roma.

3. **Para ampliar.** Indaga sobre a figura de Xulio César. Se o precisas emprega as seguintes ligazóns. Podes facer unha presentación na que inclúas fragmentos de filmes, documentais...

- [Historia de Xulio César.](#)
- [O máis grande dos xenerais: Xulio César.](#)

4. A República puxo fin ao goberno de...

... Tarquinio o Soberbio.

... Aníbal.

... Xulio César.

5. A República tivo lugar entre os anos...

... 509-27 a. C.

... 505-127 a. C.

... 509-27 d. C.

6. Os encargados de elaborar as leis...

... eran os maxistrados.

... era o Senado.

... eran os Comicios.

7. Os encargados da política exterior...

... eran os maxistrados.

... era o Senado.

... eran os Comicios.

8. A República foi un sistema de goberno...

... democrático.

... autoritario.

... oligárquico.

9. Os encargados do goberno da cidade de Roma durante a República foron...

... os plebeos.

... os patricios.

... os libertos.

10. Nome que recibe a persoa que representa os plebeos dentro do goberno...

... tribuno da plebe.

... patricio.

... pleberio,pleberio.

11. Durante as guerras púnicas loitaron...

... romanos contra cartaxineses.

... romanos contra gregos.

... romanos contra persas.

12. A cidade de Cartago foi destruída durante...

... a Primeira Guerra Púnica.

... a Segunda Guerra Púnica.

... a Terceira Guerra Púnica.

O Imperio (27 - 476 d. C.)

O nacemento do Imperio

O Imperio naceu no ano 27 a. C., momento no que o Senado lle outorgou a **Octavio**, fillo adoptivo de César, todo o poder político. Inagurouse así un novo sistema de goberno no que o emperador reunía todos os poderes: presidía o Senado, era o xefe do exército e o pontífice máximo, dirixía a política exterior, ditaba as leis e impoñía os tributos. O cargo de emperador era vitalicio e el mesmo se encargaba de designar o seu sucesor.



O Senado seguiu existindo pero cunhas funcións moi limitadas.

Expansión e prosperidade

Durante os séculos I e II d. C., o Imperio viviu a súa etapa de máximo auxe e expansión, chegando a chamar ao mar Mediterráneo, **Mare Nostrum**.

Este período coñeceuse baixo o nome de **Pax romana**, porque as guerras foron escasas e os territorios conquistados **romanizáronse**.

A estabilidade dominaba a sociedade, a economía e a política, xa que a paz era garantida por unha administración eficaz e un poderoso exército capaz de controlar os limes (fronteiras).

A isto únese que os habitantes do Imperio conseguiron a igualdade a través do **dereito de cidadanía**, unha lei imposta no ano 212 d. C. polo emperador Caracalla e da que se beneficiaron todos os habitantes libres do Imperio.



A crise do Imperio

A partir do século III, o Imperio entrou en crise e comezou a súa decadencia debido a diversos problemas:

- A **corrupción** entre os funcionarios, o exército e incluso os emperadores.
- O **ataque dos bárbaros** aos limes do Imperio.
- A difícil **comunicación** entre Roma e os seus territorios.
- O **aumento dos prezos** dos produtos de primeira necesidade ao descender a produción agrícola. Isto debeuse a que ao rematar as conquistas tamén diminuíu o número de escravos, que eran a man de obra empregada para estas tarefas.
- O **aumento dos impostos** para manter o exército e a administración, o que creou descontento no pobo.

Vendo que a situación era insostible, no ano 395 o emperador Teodosio dividiu o Imperio entre os seus fillos Honorio e Arcadio. A partir dese momento quedaron separados o **Imperio romano de Occidente**, con capital en Roma, e o **Imperio romano de Oriente**, con capital en Constantinopla.

Na zona oriental, o emperador soubo manter a súa autoridade e foi quen de defender as fronteiras dos ataques bárbaros, razón pola cal o imperio se mantivo. A situación foi diferente en Occidente, onde no ano 476 o pobo bárbaro dos xermanos destronou o emperador.



Sabías que...?

Moitos emperadores romanos pasaron á historia polos seus comportamentos excéntricos. Non se sabe isto era real ou unha simple manobra dos seus inimigos políticos para desprestixialos.

Dise, por exemplo, que Calígula, emperador entre os anos 37 e 41 da nosa era, nomeou cónsul o seu cabalo coa finalidade de incentivalo a dirixir o seu exército. Foi un emperador sanguinario; parece ser que ordenaba dar os criminais como comida ás feras.

Máis sanguinario se cabe era Nerón, emperador entre os aos 54 e 68 d. C., quen asasinou a súa familia, perseguíu e mandou botar os cristiáns ás feras e provocou o gran incendio que devastou Roma.

Pola súa banda, o emperador Cómodo, que gobernou Roma entre o 177 e o 192 d. C., loitaba como gladiador pero obrigaba os seus contrincantes a deixalo gañar; a cambio, perdoáballes a vida. Críase que era descendente directo do heroe Hércules.

Actividades

1. Realiza un eixe cronolóxico no cal recollas as etapas e acontecementos principais da historia de Roma.
2. Sinala as causas e consecuencias da crise do Imperio nunha táboa no teu caderno.

Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

3.

a. A etapa imperial iniciouse co goberno de César.

Verdadeiro

Falso

b. Ao cargo de emperador accedíase de maneira democrática.

Verdadeiro

Falso

c. O emperador era o encargado de presidir o Senado, dirixir o exército e exercer de pontífice máximo, dirixir a política exterior, ditar leis e impoñer tributos.

Verdadeiro

Falso

d. Durante os séculos II e III os romanos estenderon os seus dominios por todo o Mediterráneo.

Verdadeiro

Falso

e. No ano 212 o emperador Octavio concedeu aos habitantes de Roma o dereito de cidadanía.

Verdadeiro

Falso

- f. As fronteiras creadas polos romanos para garantir a paz durante a etapa imperial denomináronse limes.

Verdadeiro

Falso

- g. Co fin de paliar o problema das invasións bárbaras, Teodosio dividiu o imperio entre os seus fillos Honorio e Arcadio.

Verdadeiro

Falso

- h. O Imperio romano de Occidente viu o seu fin no ano 476 d. C.

Verdadeiro

Falso

A vida cotiá en Roma

A actividade económica


Actividades agro-gandeiras e minaría

Na Roma antiga, a **agricultura** foi unha das principais actividades económicas. Cultivábanse produtos como cereais, legumes, froiteiras, vide e oliveiras. Foi unha actividade moi próspera porque os romanos empregaron **novas técnicas agrícolas**, como fertilizantes, regadío ou alternancia de cultivos.

Idearon unha serie de **innovacións tecnolóxicas**, como o arado de ferro, os angazos, as pas e os picos, ademais de empregar animais de tiro, como os bois, para realizar estas tarefas. Tamén contaban con muíños para moer o gran e prensas para elaborar o aceite.

A **gandaría** alcanzaría unha grande importancia: criábanse ovellas, bovinos, cabras e cabalos.

Pola súa banda, a **minaría** centrouse na explotación de minerais como o ouro, a prata, o ferro, o cobre, o estaño, o chumbo e o mercurio. Os romanos tamén explotaron o **sal** nas zonas costeiras.



Actividade artesanal e comercial

A **actividade artesanal** localizábase nas cidades, onde se atopaban os obradoiros nos que traballaban os artesáns e tamén as pequenas tendas nas que se vendían os produtos.

Estes produtos manufacturados tamén eran exportados a outros lugares do Imperio a cambio de materias primas e produtos de luxo. Por exemplo, da Península Ibérica importábase aceite e trigo; do Báltico, ámbar e peles; de África, escravos; e de Asia, especies como a seda e o algodón.

A **actividade comercial** viuse favorecida pola existencia da moeda e dunha rede extensa de calzadas e portos.

A sociedade romana

A sociedade romana era moi desigual, pero permitía a posibilidade de ascender socialmente. Organizábase en:

- **Cidadáns:** Eran persoas libres con dereitos políticos e protexidos polas leis. Estaban exentos de pagar impostos polo uso das terras. Pola súa riqueza dividíanse en:
 - **Senadores e administradores do Imperio.**
 - **Nobilitas:** grupo social composto por patricios e plebeos enriquecidos.

- **Plebe:** grupo social formado por artesáns e campesiños.
- **Non cidadáns** eran:
 - Os **escravos:** non dispoñían de liberdade nin doutro tipo de dereitos. Eran tratados como obxectos que se podían comprar e vender.
 - Os **libertos:** escravos liberados por diversas razóns, como por exemplo por ser xa moi maiores e cumprir satisfactoriamente o servizo ao seu amo.

A **familia** estaba dirixida polo home, o chamado **pater familias**, quen mantiña os seus membros, guiaba o culto relixioso e incluso podía comprar e vender os seus fillos. Polo tanto, os dereitos da **muller** eran moi limitados: non podía participar nas actividades políticas e a súa vida reducíase ao coidado dos fillos e do fogar.

A **educación** tamén era unha parcela reservada ás familias máis ricas. Impartíase nas *scholas* ou nas casas particulares e recurríase ao servizo de mestres gregos. Isto conlevou que a maior parte do pobo romano fose analfabeto. Ademais, era unha educación diferenciada; é dicir, os homes tiñan maior formación e as mulleres simplemente se adestraban na lectura e nos labores do fogar.



Sabías que...?

A **alimentación** dos romanos dependía do seu nivel económico e a comida principal era a cea. Os grupos ricos degustaban todo tipo de alimentos mentres que os máis pobres limitábanse a inxerir fariña cocida, fritida e algunhas froitas.

Pode sorprender o feito de que os romanos xa coñecían a pizza pero é así. Non era tal como a coñecemos na actualidade, senón que se trataba dun pan plano ao que se engadían especias e podía comprarse nos diferentes postos das rúas de Roma. Foi un alimento degustado por senadores, lexionarios e outros cidadáns pero misteriosamente desapareceu da dieta dos romanos ata que reapareceu en Nápoles no século XVII.

Tamén era bastante curiosa a forma de comer dos máis ricos, facíano nunha sala chamada triclinio, na que se ubicaban tres leitos onde se deitaban cos pés descalzos, empregando as mans para inxerir os diferentes alimentos.



A relixión: do politeísmo ao cristianismo

Inicialmente a relixión romana era **pagana** e **politeísta**; é dicir, realizábanse diversos cultos e adorábanse múltiples deuses.

Os romanos tiñan dous tipos de deuses:

- Os **deuses do Estado**, aos que lle ofrecían sacrificios en cerimonias relixiosas no exterior dos templos. As divindades principais eran: Xúpiter, Xuno e Minerva, deuses semellantes aos gregos Zeus, Hera e Atenea.
- Os **deuses domésticos**, eran os deuses encargados do fogar; podían ser de varios tipos: *lares*, *manes* e *penates*.

No momento do nacemento do Imperio tamén xurdiu unha nova relixión, o **cristianismo**. Esta relixión foi creada por Xesús de Nazaret, quen defendía a existencia dun único deus, a igualdade de todos os seres humanos e a existencia doutra vida despois da morte.

A nova relixión foi mal vista polos dirixentes do Imperio, xa que os cristiáns se negaban a renderlle culto á figura do emperador e a formar parte do exército. Esta negativa causoulles numerosos problemas. Foron perseguidos e moitos deles crucificados ou asasinados polas feras do circo. Ante esta situación, aos cristiáns só lles quedaba practicar o seu culto de maneira clandestina, nas casas privadas e en grutas subterráneas coñecidas co nome de **catacumbas**.

Terían que esperar ata o ano 313, momento no que o emperador Constantino promulgou o **Edicto de Milán**, para practicar libremente a súa relixión. Finalmente, sería o emperador Teodosio o encargado de proclamar o cristianismo como relixión oficial do Imperio.




A cultura en Roma

A cultura romana é o resultado da mistura da tradición etrusca e a grega, unha cultura que foi difundida por todo o Mediterráneo a través dun idioma común: **o latín**.

Os romanos destacaron nos seguintes eidos culturais:

- **Xurídico:** o **dereito romano** foi o encargado de establecer as bases da lexislación occidental.
- **Historia e filosofía:** sobresaen as figuras de Tito Livio en Historia e de Séneca e Cicerón en Filosofía.
- **Literatura:** Cultivouse tanto a poesía como o teatro. Destacaron autores como Virxilio (autor da *Eneida*), Ovidio, Plauto ou Horacio.
- **Ciencia:** Dentro deste eido cómpre destacar a figura do **médico Galeno**, quen sentou as bases da medicina das que se serviron durante a Idade Media.



Actividades

1. Cales foron as principais innovacións que os romanos aportaron á agricultura?

2. Completa o seguinte texto.

Co nacemento do Imperio tamén naceu unha nova relixión,

. Esta relixión foi creada por , quen defendía a existencia , a igualdade de todos os seres humanos e a existencia doutra vida despois da morte.

Inicialmente foi unha relixión polo emperador ara a promulgación no ano 313 do . Habería que esperar ata tempos de para que se convertese en relixión oficial do Imperio.

3. Relaciona cada disciplina coa personaxe representativa da cultura romana.

Filosofía

Historia

Medicina

Literatura

Tito Livio

Virxilio

Séneca

Galeno

A arte romana

A arte romana desenvolveuse nas **ciudades**, uns espazos que os romanos construíron de forma cuadriculada, buscando así unha mellor organización do espazo.

Nas cidades romanas destacaron catro elementos fundamentais: as **murallas**, o **cardo** (unha calzada que atravesaba a cidade en dirección norte-sur) e o **decumano** (unha vía que atravesaba a cidade de leste a oeste). No cruzamento entre ambas vías situábase o **foro ou praza pública**, onde se construían os edificios máis importantes e representativos.



Sabías que...?

Os romanos vivían en **domus** e **insulae**. As **domus** eran casas habitadas por unha soa familia, normalmente de clase alta ou adinerada.

Pola súa banda, as **insulae** eran edificios de varios pisos, onde vivían de alugueiro as familias de clase media e baixa. A calidade na construción destas vivendas era moi mala, ata tal punto que os derrubamentos e os incendios cobrábanse centos de vidas ao ano. Un dos primeiros políticos en querer atallar este problema foi Xulio César, quen decretou unha serie de leis destinadas a mellorar este tipo de edificios.

Arquitectura romana

Os romanos foron grandes enxeñeiros e construtores. As súas obras foron semellantes ás gregas, pero mantiveron unha serie de peculiaridades que as dotaron dun estilo propio. Destacaron especialmente na **monumentalidade** e no **carácter práctico**, e empregaron o **arco de medio punto** e a **bóveda de medio canón**. Tamén incorporaron **novas ordes**, como a toscana (semellante á dórica pero cun fuste sen estrías) e a composta (con elementos dos capiteis xónico e corintio). Moitas das súas construcións foron creadas con novos **materiais** máis baratos, como o ladrillo e o morteiro.

Os edificios máis representativos son:

- **Acueduto.** Construción que servía para transportar auga ata as cidades.
- **Anfiteatro.** Edificio destinado ao ocio. Nel tiñan lugar as loitas de gladiadores e feras e as representacións de batallas navais (naumaquias).
- **Arco.** Construción destinada a conmemorar acontecementos importantes.
- **Basílica.** Lugar no que se celebraban reunións e xuízos. No seu interior tamén se realizaban transaccións comerciais.
- **Circo.** Construción destinada á realización de carreiras de carros.
- **Teatro.** Lugar no que se representaban espectáculos dramáticos: comedias e traxedias. Tiña forma semicircular.
- **Termas.** Eran baños públicos. Constaban de tres salas: baño frío, baño morno, baño quente.
- **Pontes e calzadas.** Vías de comunicación que adoitaban ter grandes dimensións.



A. Acueducto de Segovia; **B.** O Coliseo de Roma é un exemplo de anfiteatro; **C.** Teatro de Mérida; **D.** Basílica de San Pablo Extramuros (Roma); **E.** Circo Máximo (Roma).

Autoría (H): Luis Miguel Bugallo Sánchez



F. Templo de Mainson Carre (Francia); **G.** Arco de Tito (Roma); **H.** Termas de Bande (Ourense); **I.** Ponte romana de Monforte de Lemos.

A escultura

A escultura romana inspirouse na grega, tanto no seu estilo como no emprego de mármore e bronce para a súa elaboración. A diferenza residía en que os romanos mostraban as persoas con grande realismo, intentando representar a través do seus retratos non só os seus trazos físicos, senón tamén a súa personalidade. Pero pronto as persoas representadas tamén se idealizaron, sobre todo tras o goberno do emperador Augusto.

Os romanos tamén crearon o **relevo histórico**, representación das grandes vitorias militares sobre pedra. Empregábase para adornar as construcións conmemorativas, como os arcos do triunfo ou as columnas.



A. Escultura do emperador Augusto; **B.** Relevos da *Columna Traxana*.

A pintura e o mosaico

A **pintura** empregouse para decorar as paredes dos palacios e das *domus*. Realizábase coa técnica do fresco (pigmentos sobre cal húmida) e acostumaba a imitar placas de

mármore, paisaxes, escenas mitolóxicas, etc.

Pola súa banda, os **mosaicos** realizábanse para decorar o chan. A técnica consistía en encaixar pezas de diferentes materiais e cores para formar un debuxo; normalmente a súa temática era a mitoloxía ou a vida cotiá.



A. Pinturas ao fresco; **B.** Mosaico.

A arte romana e grega: semellanzas e diferenzas

| Arte grega | Arte romana |
|--|-------------|
| Semellanzas | |
| Reciben o nome de clásicos porque se basean nas regras de harmonía e perfección presentes na natureza. | |
| Empregan canons de perfección e nas súas creacións destaca o estudo anatómico que se fai das mesmas. | |

| Arte grega | Arte romana |
|--|---|
| Moitas obras gregas chegaron a nós a través de copias romanas. | |
| Empregaron as ordes dórica, xónica e corintia. Máis os romanos crean o toscano e o composto. | |
| Diferenzas | |
| Sinxela. | Máis ornamentada, con temas novidosos. |
| Menos perfecta | Máis perfecta e evolucionada. |
| Relixiosa. | Pragmática, fundamentalmente de carácter civil e militar. |
| Máis estática. | Máis dinámica. |
| Os materiais empregados eran de mellor calidade, o mármore, por exemplo. | Empregaban calquera tipo de material, algúns pobres coma o ladrillo, porque buscaban a perdurabilidade, a versatilidade e a rapidez á hora de construír. Por tanto, ten un carácter urbanístico e técnico focalizado na cidade. |
| A arquitectura é arquivada porque o elemento máis empregado e o arquivado. | Os elementos arquitectónicos máis empregados son o arco, a bóveda e a cúpula. |
| Esculturas de carácter idealista (o ideal de beleza). | Esculturas realistas. Predominan os relatos dos <i>pater familias</i> , nun contexto de culto aos antepasados. |

Arte grega

Os escultores gregos crían que as características dunha persoa podían reflexarse na expresión facial.

Arte romana

Os romanos consideraban os bustos como obras incompletas.

Actividades

1. Mira a imaxe deste monumento romano:



Fai unha ficha no teu caderno que inclúa os seguintes datos:

- Nome
- Época
- Ubicación
- Usos ou finalidade

- Características arquitectónicas: material, partes, elementos constructivos
- Outros datos relevantes

2. Que elementos diferenzan a arte romana da grega?

3. A que tipo de construción corresponde cada unha das seguintes imaxes?













A conquista de Hispania

A Hispania prerromana

Entre os séculos VIII e III a.C. a Península Ibérica estaba habitada por distintos pobos, destacando especialmente:

Iberos

Os pobos iberos situábanse no **sur** e no **leste da Península Ibérica**, polo que o contacto cos pobos colonizadores fenicios e gregos foi constante.

Os iberos vivían en casas de planta rectangular, en poboados amurallados situados nas zonas máis elevadas.

Organizábanse **xerarquicamente**, sendo o rei a máxima autoridade, seguido dos nobres e dos guerreiros. Por último, na base social atopamos os comerciantes, artesáns, campesiños e escravos, que constituían a maioría da poboación.

A súa **economía** baseábase nunha agricultura de tipo mediterráneo e unha gandaría integrada por ovellas, touros e cabalos. A súa artesanía encargábase da elaboración de tecidos de liño e la, e da fabricación de útiles de ferro e cerámicas. Os iberos incluso chegaron a acuñar a súa propia **moeda**, co fin de intercambiar produtos co resto dos pobos do Mediterráneo.

Os iberos adoraban as forzas da natureza. A maioría das súas divindades eran femininas ou adoptadas dos pobos colonizadores, dos que tamén herdaron a **escritura** e as **formas artísticas**. Sobresaen pezas como a Dama de Elche ou Baza.



Celtas e celtiberos

Os **celtas** chegaron á Península Ibérica a través dos Pireneos. Situáronse no centro e oeste, onde se mesturaron cos pobos do norte: galaicos, cántabros e vascóns.

Na Península tamén vivían os **celtiberos**, con trazos tanto celtas como iberos e asentados no interior peninsular, desde o Sistema Ibérico ata o Central.

Os celtas vivían en castros, poboados elevados e fortificados formados por casas de planta circular e construídos con pedra.

Organizábanse en tribos, cada unha formada por clans e estes, á súa vez, formados por familias. Polo tanto, era unha sociedade xerarquizada na que uns poucos dominaban ao resto, tanto política como economicamente.

A economía baseábase na agricultura cerealística, na caza e na metalurxia.

Os pobos celtas adoraban os astros, os animais e a natureza. Os seus sacerdotes chamábanse druídas.

En canto á súa situación cultural, non coñecían a escritura pero eran especialistas no traballo do ouro.



A Hispania romana

Os romanos chegaron á Península Ibérica durante as Guerras Púnicas pero a conquista do territorio foi moi lenta. Un proceso que durou case dous séculos e que tivo lugar en tres fases:

- **Primeira fase** (218-197 a. C.): os romanos expulsaron os cartaxineses e ocuparon a **costa do mar Mediterráneo**, o **Val do Ebro** e o **Guadalquivir**. Isto foi posible grazas á escasa oposición dos pobos iberos.
- **Segunda fase** (197-29 a. C.): os romanos introducíronse no interior da Península, na meseta. A conquista deste territorio foi longa, pola oposición dalgúns pobos celtiberos: os lusitanos e os arévacos. Os **lusitanos** rendéronse cando os propios xenerais do exército asasinaron o seu xefe Viriato. Os **arévacos** resistiron todo o que puideron ao sitio da cidade de Numancia, pero finalmente tiveron que entregala. Nesta mesma fase tamén conquistarían as **Illas Baleares**.
- **Terceira fase** (29-19 a. C.): os romanos emprenderon a conquista dos pobos do norte. A pesar da súa forte resistencia, astures e cántabros serían sometidos polo poder de Octavio Augusto. Algo que non lograrían cos vascóns.



Para poder controlar a Península, os romanos dividiron Hispania en **provincias** e puxeron á fronte de cada unha delas un gobernador. Cada unha destas provincias dividíase en demarcacións menores chamadas **conventos**. Toda esta división territorial foi mudando co tempo:

Época republicana



(197 a. C.-século I)

Hispania dividiuse en Hispania Citerior (ao noreste) e Hispania Ulterior (ao sur).

Época de Octavio Augusto



(27 a. C.-14 d. C.)

Hispania dividiuse en tres provincias: a Bética sometida á autoridade do Senado, e a Lusitania e a Tarraconense, controladas por Augusto.

Época da fin do Imperio



(297-476 d. C.)

Hispania atopábase dividida en cinco provincias: Gallaecia, Lusitania, Bética, Cartaxinense e Tarraconsense. No século VI engadiríase a Baleárica.

A conquista supuxo un **proceso de romanización** polo cal os habitantes de Hispania foron adquirindo as formas de cultura e vida romanas. Algunhas das características máis importantes adoptadas dos romanos foron: a adopción do latín como lingua oficial, a aparición das cidades e a relixión romana.

Sociedade

En Hispania, pouco a pouco, foise impoñendo a organización social do Imperio; é dicir, a división entre persoas libres e escravos, cidadáns e non cidadáns. Non obstante, nalgúns zonas mantívose a organización prerromana, como no caso dos pobos do norte, que preservaron a propiedade comunal das terras.

Economía

Hispania foi considerada a despensa de Roma; é dicir, o lugar no que se extraían recursos para abastecer a capital do Imperio. Exportábanse cereais, viño, aceite, metais, conservas e cerámica. O comercio experimentaría un enorme desenvolvemento coa adopción da moeda.

Cultura

O máis relevante no ámbito cultural foi a adopción do **latín** como **lingua oficial**. En Hispania tamén se imporíase o sistema de educación romano, de aí que aparecesen persoeiros relevantes como o filósofo Séneca, os poetas Lucano e Marcial ou os emperadores Traxano, Adriano e Teodosio.

Tamén Hispania se beneficiaría de grandes innovacións no ámbito artístico, sobre todo no referente á arquitectura. Aparecen así monumentos importantes como as murallas de Lugo, a ponte de Alcántara ou o teatro de Mérida, entre outros.

Esta situación remataría no século V, coa entrada en escena dos pobos xermánicos que habitaban nos limes do Imperio.



Sabías que...?

En Galicia conservamos moitos restos romanos. Entre eles destacan as murallas de Lugo, o campamento romano de Aquis Querquennis ou a Torre de Hércules.

A **muralla de Lugo** sitúase no centro do antigo Lucus Augusti, que exercía de capital dun dos tres conventos xurídicos romanos (Lugo, Astorga e Braga). A súa capitalidade débese á súa importancia como lugar extractor de ouro. A muralla foi construída no ano 15 a. C. polo emperador Paulo Fabio Máximo. Aínda que sufriu numerosas modificacións, é a única de todo o territorio ocupado polos romanos que se conserva íntegra, razón pola cal no ano 2000 foi declarada Patrimonio Mundial.

O campamento de **Aquis Querquennis** sitúase no municipio ourensán de Bande, nas beiras do río Limia. Foi construído na década dos anos 60 d. C. e abandonado no 120 d. C. O campamento crese que se construíu para dar acubillo ás persoas encargadas de realizar a Vía Nova.

A **Torre de Hércules** é un faro romano datado a mediados do século I d.C. A súa construción está rodeada de lendas tanto romanas como celtas. Dise que foi construída no lugar no que Hércules venceu o xigante Xerión; outros din que alí estaba a torre dende a que Íth, o fillo de Breogán, avistara as terras de Irlanda.

A realidade é que esta construción foi realizada na época do emperador Traiano e sufriu varias modificacións ao longo da historia. O seu aspecto actual é resultado da renovación neoclásica que se fixo no século XVIII. Foi declarada Patrimonio Mundial da Humanidade en 2009.

Actividades

1. Colorea o seguinte mapa da romanización da Península Ibérica e realiza unha lenda que permita clarificar as diferentes etapas.

2. **Para ampliar.** Realiza en grupos de catro un *collage* ou un mural sobre restos romanos e prerromanos da túa localidade, provincia ou comunidade autónoma. Non podes prescindir dun mapa que sitúe os restos elixidos.

Para este labor poden ser útiles as seguintes ligazóns:

- [Galicia romana.](#)
- [Turgalicia. Xacemento arqueolóxico de Galicia.](#)

3. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. A Península Ibérica estaba deshabitada cando chegaron os romanos.

Verdadeiro

Falso

- b. Os pobos celtas non coñecían a escritura.

Verdadeiro

Falso

- c. Os sacerdotes celtas chamábanse druídas.

Verdadeiro

Falso

- d. Os pobos iberos non coñecían a escritura.

Verdadeiro

Falso

e. Os pobos celtas resistíron máis que os iberos a entrada dos romanos.


Verdadeiro


Falso


Ao peche

Que aprendiches?

1. Completa o esquema e valora o teu traballo.







Avalíate

Amosámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada unha delas.

2. Elixo a resposta axeitada para completar o seguinte texto.

Os foron os encargados da fundación da cidade de Roma a mediados do século . O lugar escollido foi a , concretamente os localizados ás beiras do , lugares moi propicios para as actividades . Ademais era un lugar de paso obrigado para cruzar a península. Por esta razón, Roma non tardaría en converterse nun importante . O primeiro sistema de goberno escollido para o lugar foi .

3. Ordena as seguintes etapas e acontecementos da historia de Roma.

1

2

3

4

5

6

7

Nacemento do Imperio.

Guerra púnicas.

Nacemento da monarquía.

División do imperio en Oriente e Occidente.

Fin do Imperio Romano.

Sinatura do Edicto de Milán.

Nacemento da República

4. Determina se os seguintes grupos sociais eran cidadáns ou non cidadáns.

Mulleres

- Cidadáns
- Non cidadáns

Patricios

- Cidadáns
- Non cidadáns

Libertos

- Cidadáns
- Non cidadáns

Pebleos

- Cidadáns
- Non cidadáns

Escravos

- Cidadáns
- Non cidadáns

5. Relaciona cada concepto coa súa definición.

Pax Romana

Proceso de asimilación cultural por parte dos pobos conquistados polos romanos.

Emperador

Sistema de goberno no que os cidadáns elixen os seus representantes.

Romanización

Título que recibía o máximo representante do Imperio. Reunía nas súas mans todos os poderes.

República

Período no que o Imperio romano acadou o seu máximo esplendor polo cese das guerras e a romanización dos territorios.

6. Cales das seguintes construcións non pertencen á civilización romana?



7. Relaciona cada personaxe coa etapa histórica correspondente.

Monarquía

Irmáns Graco / Aníbal

República

Tarquínio o Soberbio

Imperio

Octavio / Caracalla

8. Sinála se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

a. Hispania foi conquistada en catro etapas.

Verdadeiro

Falso

b. Os celtas foron un pobo prerromano que habitou en castros na zona occidental da Península Ibérica.

Verdadeiro

Falso

c. Os iberos organizábanse xerarquicamente, sendo o rei a máxima autoridade.

Verdadeiro

Falso

d. Os arévacos foron os vencedores no sitio da cidade de Numancia.

Verdadeiro

Falso

e. Viriato foi un xefe lusitano.

Verdadeiro

Falso

f. Os romanos atoparon menor resistencia á súa ocupación na zona oriental grazas aos contactos previos cos iberos.

Verdadeiro

Falso

9. Relaciona cada concepto coa súa definición.

Senado

Asemblea de cidadáns romanos encargada da elaboración das leis e da elección dos maxistrados.

Comicios

| | |
|---------------------|---|
| Patricios e plebeos | Cargos elixidos entre os cidadáns romanos por un período dun ano. A súa función era gobernar a cidade. |
| Tribuno da plebe | Compilación escrita e pública das leis de Roma. |
| Maxistrados | Persoa encargada de representar os intereses dos plebeos no goberno da cidade. |
| Lei das Doce Táboas | Grupos nos que se dividen os cidadáns romanos segundo os seus dereitos e deberes. |
| | Institución formada por 300 antigos maxistrados. Eran os encargados de dirixir a política exterior e aconsellar os maxistrados. |

10. Identifica correctamente as provincias de Hispania.

Época republicana



Época de Octavio Augusto



Época final do Imperio



- | | | | |
|----|----------------------|-----|----------------------|
| 1. | <input type="text"/> | 6. | <input type="text"/> |
| 2. | <input type="text"/> | 7. | <input type="text"/> |
| 3. | <input type="text"/> | 8. | <input type="text"/> |
| 4. | <input type="text"/> | 9. | <input type="text"/> |
| 5. | <input type="text"/> | 10. | <input type="text"/> |

11. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

a. Xulio César morreu no 44 d. C.

Verdadeiro

Falso

b. Na Segunda Guerra Púnica Aníbal conquistou Roma.

Verdadeiro

Falso

c. Durante o Imperio o Senado viu moi recortadas as súas atribucións.

Verdadeiro

Falso

d. A etapa de maior expansión do Imperio tivo lugar entre os séculos II a. C e III d. C.

Verdadeiro

Falso

Reforza

12. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

a. As guerras púnicas producíronse durante a República.

Verdadeiro

Falso

b. Os libertos eras políticos romanos.

Verdadeiro

Falso

c. Os romanos chamaban Mare Nostrum ao mar Mediterráneo.

Verdadeiro

Falso

d. O cristianismo chegou a converterse na relixión oficial romana.

Verdadeiro

Falso

13. Relaciona cada construción coa súa correspondente función.

| | |
|----------|-----------------------------------|
| Basílica | Bloque de pisos |
| Termas | Xulgado |
| Teatro | Representacións dramáticas |
| Templo | Baños Públicos |
| Insulae | Vivenda de persoas adañeiradas |
| Domus | Lugar para a adoración dos deuses |

14. Ordena cronoloxicamente os seguintes acontecementos históricos:

1 2 3 4 5

Caída do Imperio

República

Monarquía

Invasións bárbaras

Imperio

15. Identifica as seguintes construcións.

Calzada

Acueduto

Templo

Anfiteatro



16. Asocia cada concepto co seu pobo correspondente.

Castro

▼

Moeda

▼

Metalurxia

▼

Druída

▼

Escritura

▼

Clan

▼


Deidades femininas

▼

Agricultura mediterránea

▼

17. Cal das seguintes imaxes pertence á Hispania romana?



Amplía

- 18.** Indaga na vida persoal e política dun emperador romano. Elixe o que prefiras e, a continuación, redacta un pequeno informe sobre el. Podes empregar esta [ligazón](#).

- 19.** É posible que te chamase a atención a forma de vestir dos antigos romanos. Estes non sempre vestiron igual senón, que as súas roupas foron evolucionando desde o nacemento desta civilización ata o seu declive. Agora é o momento de realizar un traballo de investigación sobre a

evolución da moda romana. Podes empregar ligazóns como as seguintes:

- [A vestimenta romana.](#)
- [O vestido dos romanos.](#)

Anímaste a deseñar o teu propio traxe romano?



Actividade de síntese

20. Mira a película *Gladiator*. Cubre a seguinte ficha técnica e realiza un comentario sobre a mesma no teu caderno.

- Data de estrea:
- Xénero:
- Director:
- Duración:
- Reparto:
- Premios:
- Comentario histórico (contexto, argumento...):

Podes empregar as seguintes ligazóns como referencia:

- [Análise da película *Gladiator*.](#)

- *Gladiator*. Esmiuzando o cine de romanos.

Galería de imaxes




A Península Itálica



O Senado romano



Aníbal utilizando elefantes



Cronograma do Imperio romano



Triclinio



Catacumbas romanas



Séneca



Arquitectura romana I



Arquitectura romana II



Pintura e mosaico



Escultura: retrato e relevo histórico



A Dama de Elche

Glosario

Calzada

Estrada de pedra construída polos romanos e que facilitou, en grande medida, as comunicacións e o comercio.

Caracalla

Emperador romano coñecido por outorgar o dereito de cidadanía a todos os romanos no ano 212.

Cardo

Un dos eixes principais que dividía a cidade romana de norte a sur.

Castro

Nome que reciben os poboados celtas e galaicos.

Catacumba

Galería subterránea na que os cristiáns se refuxiaban das persecucións e enterraban os seus defuntos.

Celta

Pobo que habitaba a Meseta e a parte atlántica da Península Ibérica antes da chegada dos romanos.

Celtibero

Pobo que habitaba o centro da Península Ibérica antes da chegada dos romanos.

Colonias agrícolas

Tipo de propiedade agraria que apareceu nas provincias romanas, onde os campesiños traballaban as terras para sobrevivir.

Comicios

Reunión en asemblea dos cidadáns para votar as leis e elixir os maxistrados. Existen tres tipos de comicios: curiados, segundo a orixe familiar; centuriados, segundo a riqueza; e tribunados, segundo a súa residencia.

Cuestor

Maxistrado de Roma que xestionaba e recollía os fondos públicos.

Decumanus

Un dos eixes principais encargado de organizar a cidade romana, estendíase de leste a oeste.

Domus

Vivenda na que habitaban as familias máis ricas na antiga Roma.

Edicto de Milán

Documento elaborado polo emperador Constantino no ano 313 d. C. no que se legaliza a práctica da relixión cristiá e que a converte na relixión oficial do estado romano.

Guerras púnicas

Conxunto de guerras que tiveron lugar entre os séculos III e II a. C. entre romanos e cartaxineses. O resultado foi a vitoria de Roma, que se fixo co control do Mediterráneo occidental.

Ibero

Pobo prerromano que habitaba o sur e leste peninsular.

Imperio

Sistema político instaurado en Roma entre os anos 31 e 27 a. C., da man de Octavio, ao que se engadiu o título de Augusto ao exercer de pontífice máximo. Un imperio son un conxunto de territorios en continua expansión, cun único goberno.

Latifundio

Grande propiedade agraria en mans de patricios, comerciantes ricos ou xenerais do exército, pero traballadas por escravos.

Lexión

Exército romano formado por cidadáns cunha idade comprendida entre os 17 e os 60 anos.

Liberto

Escravo ao que o seu amo lle concedeu a liberdade.

Limes

Nome que reciben as fronteiras do imperio romano.

Maxistrados

Persoas elixidas para gobernar a cidade por parte dos Comicios. Entre eles destacan os cónsules.

Monarquía

Sistema político onde o poder é exercido directamente por unha única persoa que recibe o nome de rei, monarca ou soberano. O poder transmítese de pais a fillos, por herdanza.

Naos

Sala principal e central dos templos gregos e romanos.

Opistodomo

Sala traseira dos templos destinada ao depósito das ofrendas.

Patricios

Grupo de cidadáns formado por unha minoría de familias aristocráticas, descendentes dos fundadores de Roma (*gens*). Tiñan dereito a ter propiedades (terras e gando) e isto era determinante para exercer o control político da cidade.

Pax Romana

Período histórico que ten lugar entre os séculos I e II d. C., caracterizado por non presentar conflitos, nin guerras. Unha situación que axudou o Imperio a acadar a súa máxima expansión e prosperidade.

Plebeos

Grupo numeroso de cidadáns, formado por campesiños, artesáns e comerciantes. Non tiñan propiedades territoriais e carecían de dereitos políticos, aínda que si debían pagar impostos e formar parte do exército.

POLITEISMO

Crenza na existencia de varios deuses.

Pronaos

Nome que recibe o vestíbulo dos templos gregos e romanos.

República

Sistema político onde o poder é exercido polos cidadáns. Os cidadáns, a través do voto, ceden este poder a un goberno que os representa. En Roma, a república é a segunda etapa da súa historia (509 – 27 a. C.).

Romanización

Proceso de asimilación da cultura (lingua, arte, costumes...) do Imperio romano por parte dos pobos conquistados.

Senado

Antigo consello real transformado en institución durante a República. Estaba conformado por 300 senadores, que eran antigos maxistrados e cabezas de familia aristocrática. A súa función era ratificar as leis aprobadas nos Comicios e resolver os asuntos de política exterior e finanzas.

Teodosio

Emperador romano de finais do século IV d. C., que dividiu o Imperio en Oriente e Occidente.

Termas

Baños públicos da antiga Roma.

Ligazóns

Espartaco (National Geographic)

http://www.nationalgeographic.com.es/articulo/historia/grandes_reportajes/9271/espartaco.html

Historia de Xulio César

<http://www.imperivm.org/articulos/julio-cesar.html>

Galicia romana

<http://galiciaromana.blogspot.com.es/>

Turgalicia. Xacemento arqueolóxico de Galicia

http://www.turgalicia.es/localizador-de-recursos/-/sit/que_visitar/patrimonio_cultural/yacimientos_arqueologicos/galicia?langId=es_ES

Os emperadores romanos

<http://www.historiaclasica.com/2006/01/lista-de-emperadores-romanos.html>

A vestimenta romana

<http://www.laguia2000.com/edad-antigua/roma/vestimenta-romana>

O vestido dos romanos

<http://boj.pntic.mec.es/~frug0000/primerodebachiller/presentaciones/vestidoderomanos.pdf>

Análise da película 'Gladiator'

<http://blogs.vandal.net/48283/vm/23003912122006>

'Gladiator' Feminismo e cine de romanos

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autora dos contidos: Araceli Freire Cedeira.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-18513-21-3